



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

O Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente do día 12 de decembro do ano 2017 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

4.- Modificación orzamentaria 7P/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios. (expte. Núm. 2017027061). Resolución de reclamacións e aprobación definitiva.

O secretario dá conta da proposta da concelleira de Facenda, de 11 de decembro de 2017 e a proposta que contén, que sometida a votación por vinte e tres votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal Socialista e de Democracia Ourenzana, e tres abstencións de Ourense en Común, adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Bautista Rodríguez García e D. Xoán Carlos Bouso Carballeira, delegados de persoal no Concello de Ourense en representación do sindicato policial S.P.P.M.E., á modificación orzamentaria 7P/2017, por mor de non se acreditar defecto algún que puidera ser determinante da súa anulabilidade, segundo a normativa reguladora das facendas locais e demais lexislación aplicable na materia.

Segundo.- Aprobar definitivamente o proxecto de modificación orzamentaria 7-P/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios, de acordo co seguinte contido:

Créditos extraordinarios

Créditos extraordinarios que se dotan:

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>	<u>Financiamento</u>
N160.4312.48951	Subvención Centro Comercial Aberto	6.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N160.4312.48952	Convenio Federación de Comercio	15.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N160.4312.48953	Convenio Federación de Artesanos	6.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N160.4312.48954	Subv. Centro Comercial Aberto Couto Centro	6.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N160.4312.48955	Subv. Centro Comercial Aberto Norte	6.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.

Total créditos extraordinarios 39.000,00 €

Financiamento dos créditos extraordinarios:

Modificación do Estado de Ingresos

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
87000	Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais	39.000,00 €

Total financiamento créditos extraordinarios 39.000,00 €

Total Modificación Orzamentaria 39.000,00 €

Para unir ao expediente da súa razón, expídese o presente coa advertencia e saiedade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais de 28 de novembro de 1986, isto é, a reserva dos termos da aprobación da acta definitiva.

Ourense, 12 de decembro de 2017
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



~~Asdo.: Luís María Bermúdez de la Puente Villaiba~~